

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Anuncio de licitación da subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns*

#### ANUNCIO DE CONTRATACIÓN DE OBRA

**Entidade adxudicataria:** Concello de Ames.

**Obxecto do contrato:** subministración e instalación dun novo pavimento deportivo no pavillón polideportivo de Bertamiráns.

**Tramitación:** ordinaria.

**Procedemento:** aberto, cun único criterio de valoración (factor prezo).

**Orzamento de licitación:** 81.831,02, IVE incluído.

**Prazo de execución:** 15 días.

**Garantías:**

**Provisional:** non se esixe.

**Definitiva:** 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído.

**Clasificación do contratista:** non se esixe.

**Criterios de adxudicación:** véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

**Información:** Concello de Ames (Departamento de contratación). Teléfono 981883002. Fax 981884929. Dirección: Praza do Concello, s/n. Bertamiráns 15200 Ames (A Coruña).

**Presentación de ofertas:** os licitadores poderán presentar as proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ata as 14.00 horas dos 15 días naturais seguintes ó da derradeira publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no no perfil do contratante do Concello de Ames.

**Documentación a presentar:** véxase prego de cláusulas administrativas particulares.

**Apertura de plicas:** terá lugar en acto público na Casa do Concello, o día e hora que se indicará no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante do Concello, cunha antelación mínima de 2 días hábiles.

**Perfil do contratante:** <http://www.concellodeames.gal> (perfil do contrante).

**Gastos dos anuncios:** serán por contra do adxudicatario ata o importe máximo de 500.

**Outras informacións:** ver pregos de cláusulas administrativas particulares.

Ames, 29 de xaneiro de 2018.

O alcalde,

José M. Miñones Conde

2018/772